

D. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ E A ETNOGRAFÍA MARIÑEIRA

Francisco Calo Lourido

Téño dito en moitas conferencias e escrito en diferentes traballos que o mundo do mar, tanto desde o punto de vista antropolóxico como histórico, non foi tido en consideración polos nosos estudosos. Semella non ser esto unha anómala peculiaridade de Galicia, pois estou en condicións de asegurar que outro tanto ten sucedido a nivel español, téndose considerado pioneiros os meus propios traballos a partires dos mediados dos anos setenta.¹ Con respecto á historia, aínda hoxe resulta incomprendible a enorme diferenza de esforzo que se ten dedicado ó mundo rural labrego

en comparación coa penuria de traballos sobre a pesca. En canto á etnografía, a única explicación que lle atopo ó desinterese é a realidade de que tódolos grandes etnógrafos, encabezados por D. Xaquín, eran homes procedentes do interior, ós que o mar lles resultaba totalmente alleo. A todo investigador de campo lle atrae máis, *a priori*, investigar sobre o descoñecido, sobre o “chocante”; pero, as máis das veces, por razóns, nas que o factor económico non é o menos importante, remata traballando sobre o que ten máis a man.² D. Xaquín non será unha excepción e, se publica moi cedo un primeiro

1. Cando Galván fai unha recopilación crítica dos traballos antropolóxicos sobre o mar galego, principia considerando os meus tres primeiros traballos como pioneiros desde a perspectiva etnográfica, histórica e antropolóxica, respectivamente, engadindo que “tralo traballo deste autor non houbo continuidade...” (GALVÁN, 1989: 19). A outro autor, da escola de Galván, cun estilo francamente endogámico universitario e científicamente parcial, semella que lle costa traballo recoñecer que o meu libro de 1974 (Cfr. Nota 2) foi o primeiro que sobre antropoloxía mariñeira se fixo en España (PASCUAL, s/d: 25, nota 55). Mesmo podería eu engadir -sen restar nada á calidade que poida ter o que el cita (pero nunca incorpora á bibliografía...) como segundo traballo, cronoloxicamente falando- que resulta difícil consideralo, en senso estrito, un estudio sobre antropoloxía mariñeira, por tratar sobre os pescadores de auga doce do lago da Albufera de Valencia (Cfr. SANMARTÍN, 1979: 95 ss.).

2. No meu primeiro libro sobre o tema, elaborado como tese de licenciatura, que defendín en 1974 e que foi publicado con total fidelidade catro anos despois, facía notar xa a ausencia de traballos “no sólo en Galicia, sino en España entera” e unhas liñas máis adiante engadía: “Si un científico pre-



traballo sobre o noso mar, debeuse, como logo se verá, a unha feliz casualidade.

Traballos sobre etnografía mariñeira galega e portuguesa anteriores a D. Xaquín

Sen entrar en pequenas notas e publicacións, as máis das veces de non doada consulta, citarei unicamente, por orde cronolóxico, os estudos que, pola súa entidade, é posible que foran coñecidos polo noso autor. Se traio aquí tamén os de Portugal é polas intensas relacións que el, o mesmo que os restantes compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, mantivo, ó longo de toda a vida, cos colegas de alén Miño.³

Entre os varios traballos de Cornide, éditos uns, conservados en manuscrito outros, cómpre salientar para o caso aquel no que se preocupa polas pesqueiras de sardiña, coa finalidade de poñer atrancos ós fomentadores cataláns, que había poucos anos se introduciran en Galicia (Cfr. CORNIDE, 1774).⁴

Un grande interese, non só para Galicia senón para toda a costa española, tivo a monumental obra de Sández Reguart, pescador afeccionado desde neno, amante do mar e das súas xentes e Inspector Xeral de Matrícula, quen nos deixou un detalladísimo diccionario enciclopédico das artes de pesca. Moitas das entradas completan a descrición con curiosidades etnográficas e con documentación referente á súa utilización. Todas elas están iluminadas por un debuxante que o acompañou na súa viaxe e que posuía aquela pericia propia dos ilustradores-gravadores do século XVIII, herdeiros da ilustración da Enciclopedia Francesa e, neste caso concreto, do clásico da pesca Duhamel du Monceau, tamén colaborador da Enciclopedia e ben coñecido por Sández (SÁÑEZ REGUART, 1791-1795).

Un estudo que pretende coñecer a viabilidade para o cultivo da ostra nas costas de Galicia e norte de España (Departamento Marítimo de Ferrol) remata sendo tamén un excelente traballo sobre bioloxía

mariña, embarcacións, artes de pesca, industria transformadora e mesmo receitas de escabeche (PAZ GRAELLS, 1870).

Un traballo rematado en 1884 ocúpase do estado das pesqueiras galegas desde o punto de vista sociolóxico, precisando para a análise recorrer ás descricións etnográficas e antropolóxicas, co que nos ofrece unha boa visión dos mariñeiros, avanzado xa o século XIX (DÍAZ DE RÁBAGO, 1885).

Casto Sampedro, empregando toda a documentación do Gremio de Mareantes de Pontevedra, fai un longo, detallado e diacrónico estudo histórico e etnográfico da pesca, centrado sobre todo na Confraría do Corpo Santo, que dictaba ordenanzas para tres rías, desde Os Tranqueiros de Aguiño ata As Estelas de Baiona (SAMPEDRO, 1904).

Benigno Rodríguez publica varios libros de grandísimo interese para o que nos ocupa. Se o que fixo sobre a vida social dos pescadores é un moi bo ensaio antropolóxico, económico e social do mundo do mar,⁵ son realmente impresionantes os dous dicionarios de artes de pesca, o primeiro sobre as costas do norte e noroeste, e o segundo, de menor importancia para nós, para toda a Península e Canarias (RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, 1911 e 1923). Un moi interesante libro, non dedicado especificamente á pesca, pero con atinadas incursións nela, sobre todo nos seus aspectos económicos e etnográficos, é o de GARCÍA RAMOS (1912).

Os anteriores son practicamente os únicos traballos cos que D. Xaquín podería contar para elaborar os seus propios estudos. Certamente, existen algúns pequenos artigos que, directa ou indirectamente, fan referencia á pesca, pero que, pola súa entidade, pouco lle aportarían, no caso, moi improbable, de que os tivera chegado a coñecer.

En Portugal, o panorama non era moi diferente do de aquí. Velái as obras que o noso autor podería ter manexado.

tende estudar lo 'bárbaro' encuentra una serie de matices de todo tipo que no son familiares a su propia cultura y que, por consiguiente, atraen su curiosidad y hacia los que apunta sus miras, pensando en entregar todo eso a su propio mundo como lo 'chocante'. Corre, no obstante, un grave riesgo: no llegar a calar en el profundo significado de muchas de estas manifestaciones" (CALO, 1978: 9-10).

3. No caso de D. Xaquín Lorenzo, é ben coñecida a magnífica relación que mantivo con Santos Junior. A propósito deste, lembro que, con motivo do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima, na Póvoa de Varzim, a organización do mesmo me colocou a carón de Santos Junior, na mesa presidencial, durante a sesión de clausura (24/10/1982). El non tiña a encomenda de falar e, mentres o faciamos os demais, púxose a escribir unha tarxeta ó seu amigo "Xocas". Ofrecinme a levarlla eu en man, oferta que declinou, argumentando que lle faltaba un dato que tiña que completar logo na súa morada, alá en Ermesinde.

4. Fixen unha edición e estudio facsimilar deste traballo que foi publicada polo Consello da Cultura Galega en 1997.

5. Este traballo de RODRÍGUEZ SANTAMARÍA (1916) considerei que debería de ser reeditado tanto pola súa actualidade como por axudarnos a entender a idiosincrasia do home de mar. A nova edición, á que lle fixen unha longa introducción, corre a cargo do Consello da Cultura Galega.



Debuxo de Siro para Galicia-Antropoloxía, Hércules Edicións.

Unha enorme cantidade de datos históricos, etnográficos e mesmo culinarios aparece na extensa obra de LOBO (1812a, 1812b). Polas mesmas datas, están a realizar uns completísimos inquéritos sobre pescas ALMEIDA e ROQUETE (1890) e SILVA (1891). O primeiro é un percorrido, lugar a lugar, contabilizando pescadores, artes, almacéns de salga, montantes económicos das pescas, etc. O segundo ten un contido e unha exposición que podemos considerar plenamente etnográficos e, amais, vai ilustrado cunha profusión de fantásticos debuxos de especies mariñas, barcos e artes de pesca que en nada teñen que envexar ós que veño de citar enriba.⁶

En 1932, aparece unha fermosísima monografía sobre a vida, costumes, traballos, morte, etc., acompañados de debuxos e ilustrativas fotografías, dos pescadores da Póvoa de Varzim. Trátase dun traballo (GRAÇA, 1932) que me deixou engaiolado cando o coñecín e que me fixo sentir estima por ese home, con medios

D. Xaquín, frecuentador da sabedoría e da amizade daquel egregio trio ourensá formado por Otero Pedrayo, López Cuevillas e Risco, agora xa mozo universitario en Santiago, entra a formar parte do Seminario de Estudos Galegos.

económicos, que tan ben soubo entender a dura vida do pescador poveiro. Sen amor por la xente obxecto de estudo, non sae un libro así. O seu autor aparece fotografado en GONÇALVES (1984: 62-63), no ano 1935, xunto a Fritz Krüger, daquela viaxeiro por terras galegas e portuguesas, aplicando e ensinando o

6. Con motivo dunha exposición sobre as pescas en Portugal que, para o "Centro Regional de Artes Tradicionais" do Porto, fixemos a Dr. Teresa Soeiro, universidade do Porto, e máis eu, pretendemos reeditar esta grande obra, desistindo ó coñecer que andaba no mesmo unha prestixiosa editorial do país. Resultado daquela exposición é o libro SOEIRO e CALO (1999).



Etnografía

CULTURA MATERIAL

POR XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

LIMIAR

As notas que seguen, referentes á cultura popular da Galiza, teñen moitas fallas e o autor é o primeiro en recoñecelo; mais compre ter en conta algunhas circunstancias que as poden explicar, xa que nonas desculpen.

Trátase eiquí de recoller, dar a coñecer e intentar que quede lembranza do conxunto de formas de traballo que se hoxe atopan na Galiza, sen arredar o que seña peculiar da nosa Terra do que se pode achar tamén fora dela, xa que o intrínseco da localización dun feito cultural é sempre grande.

A Galiza atópase hoxe nun intre de transformación e o conxunto da súa cultura que eiquí recollemos perderase aixinha, substituído polos aparellos da nova técnica que fan xa acto de presenza entre nós e que orixinarán unha transformación total na vida das nosas xentes, desvence-llándoas da terra e xunguíndoas, en troques, á insensibilidade do artilluxo mecánico.

A que eiquí estudamos é a Galiza con poboación de tipo dispersivo, minimifundista e case enteiramente agrícola e gandeira, Galiza esta que existía aínda hai poucos anos, mais que xa nos nosos días non é coma denantes era, e que dentro de pouco será totalmente diferente, sen que poidamos aínda albiscal-o xeito novo con que se desenvolverá.

Compre ter en conta que o noso traballo é unha introdución á Historia da Galiza, non tendo, polo tanto, o carácter dun traballo de investigación. Elo fai que moitos temas señan tratados eiquí dun xeito superficial, anque se atope materia dabondo pra profundizar nil; mais isto daríalle unha extensión que non estaría de acordo co rol que desempeña na obra de que se trata.

Por esta causa procuramos simplificar no posíble as materias, o que pode sinalarse, especialmente, na falla de variantes nas formas e nos nomes dos obxectos así como na súa escasa localización.

Limiar da Sección de Etnografía na Historia de Galiza, T. II, Akal Editor".

En 1962, aparece a grande obra de conxunto: a Etnografía que, encargada por Otero Pedrayo, elabora, como tomo II, para a magna, malia morrer nos inicios, Historia de Galicia.

método *Wörter und Sachen* ("Palabras e Cousas"). Fago notar isto, por ser coñecida a relación de D. Xaquín co xefe da escola de Hamburgo, do que se declara discípulo, alá polos anos 1940 e 1950 e ó que envía traballos propios e alleos. Gracias a esta relación, publicará dous artigos no Seminario de Linguas e Cultura Románicas de Hamburgo (Cfr. ROS, 2003: 37).

¿Coñecía D. Xaquín algún dos traballos que veño de citar?

É moi difícil a resposta, posto que nos seus, poucos, traballos sobre etnografía mariñeira, non cita bibliografía ningunha, e na introdución á "Etnografía" di que a elaboración de certos apartados, por estar "totalmente virxes" de traballos anteriores, "non deixou de presentar certas dificultades que se refrexan no lixeiramente que son tratados.

Dun xeito especial teñen estas características os apartados referentes ós oficios e á vida do mar, xa que foi moi cativa a axuda que nos prestaron os poucos estudos que se teñen feito en col destas materias, polo menos no senso etnográfico" (LORENZO, 1962: 8). Por non citalos, non sei a que estudos se refire; pero dá a impresión de que descoñece a existencia dos máis dos traballos que veño de comentar, xa que con eles sobre a mesa lle sería moito máis doado confeccionar, cando menos, os apartados de mar da "Etnografía". Ó ler esta, resulta difícil non ver nela a influencia ou axuda dos "Diccionarios" de Benigno Rodríguez, mesmo incluso nalgúns dos debuxos, independentemente de se tratar D. Xaquín dun magnífico debuxante, coñecedor da técnica xa desde neno, baixo o maxisterio de seu pai. Toda a súa obra aparece ilustrada cos seus debuxos e coas súas fotografías, dous campos nos que acadou un moi alto nivel, non tendo nada que envexar os seus debuxos etnográficos ós dos seus contemporáneos de dentro e de fóra da Península.

Citarei só un exemplo onde semella estar clara a influencia de Benigno Rodríguez. Falando do *xeito*, di este: "Primitivamente este arte se componía de vinte a veinticinco piezas de 24 metros de largo cada una por cuatro de alto... Hoy se compone el jeito de unas cinco piezas nada más, que tienen 70 metros



No apartado das casas, sen dúbida estivo influenciado pola Xeografía de Carré Aldao, de quen utiliza o debuxo que ilustra a “casa do remo”.

de largo cada una por 18 de alto y malla de dos a dos y medio centímetros de lado del cuadrado...” (RODRÍGUEZ, 1923: 494). Na “Etnografía” de D. Xaquín, lemos: “O xeito consiste nunha serie de pezas, denantes vinte ou vintecinco, hoxe cinco, de setenta metros de longo cada unha por dazaoito de outo; cada peza está formada por unha rede de algodón con malla de 2 ou 2,50 cms.” (LORENZO, 1962: 335). A coincidencia das medidas é sospeitosa de máis, pois é ben sabido que, dependendo dos portos e mesmo dos propios armadores, sempre hai variantes máis ou menos notables; pero sobre todo, o feito de que os dous fagan notar que denantes empregaban de 20 a 25 pezas por *casea* fai máis evidente

a relación. Benigno Rodríguez recolleu estes datos antes de 1911, data do seu primeiro dicionario; o traballo de D. Xaquín é medio século posterior, ¿onde quedaba xa a idea das *caseas* de 20 ou 25 pezas? É curioso tamén que o noso autor non cite aquí a palabra *casea*, que tería que escoitar incontables veces, se realmente preguntara sobre isto ós mariñeiros. Benigno Rodríguez tampouco a cita. Os debuxos que ilustran os aparellos do xeito, o mesmo que moitos outros, son sen dúbida orixinais, pero certamente inspirados nos do citado autor.⁷ Podería engadir moitos outros paralelismos, pero non veñen a conto, xa que o único que pretendo neste apartado é tentar ver que bibliografía sobre o mar coñecería D. Xaquín. O que, na mesma obra, escribe sobre o *cercos real*, desaparecido o derradeiro cando el contaba dous anos, indica que coñecía o citado traballo de Casto Sampedro e moi posiblemente, mesmo por relación persoal iniciada nos tempos do Seminario de Estudos Galegos, o *Arquivo* de FILGUEIRA (1946).




Fig. 48. - “Casa do remo”, na Cruña (asegún E. Carré Aldao).


É moi probable que non soubera de ningún outro libro dos arriba mencionados. Pero debo engadir que os traballos de D. Xaquín sobre o mundo mariñeiro abranguen moitos máis apartados que o dos aparellos e sobre eles si que, practicamente, nada había publicado antes del.

Unhas notas previas sobre a metodoloxía empregada por D. Xaquín

Anque a metodoloxía seguida por D. Xaquín nos seus traballos etnográficos é sobradamente coñecida, por ser tratada en variadas publicacións de doado acceso,⁸ non está de máis dar aquí unhas breves pinceladas para comprender o seu xeito de se aproximar ó feito etnográfico. Realmente, a súa maneira de traballar era moi semellante á do resto dos investigadores da época, tanto peninsulares como europeos. Partíase da premisa constatable de

7. Sería moita coincidencia que non houbera relación entre os debuxos do aparello do cerco de Benigno Rodríguez e os da traíña de D. Xaquín. Por outra banda, todos sabemos da dificultade, para unha persoa allea ós oficios do mar, que entraña a percepción real da verdadeira forma dun aparello. O que chega a un porto, o único que ve son moreas, máis ou menos grandes, de panos de rede con trallas, cortizadas e chumbadas. Imaxinar a forma resulta complicado. E podo asegurar que nunha arte como é a parella, aínda toda ela extendida, algo certamente inusual, pois as averías repáranse por panos e as atadoras (neste caso máis ben son homes) non precisan estendela. Benigno Rodríguez ten ben debuxados os dous tipos (Vigo e Coruña), e D. Xaquín vainos mostrar o mesmo.

8. Nos últimos días veñen de aparecer dous libros sobre D. Xaquín da autoría de GONZÁLEZ PÉREZ (2004) E GONZÁLEZ REBOREDO (2004), ámbolos dous amigos e grandes etnógrafos.



O apartado da conservación da pesca resulta modélico, non só pola correcta interpretación, senón tamén pola minuciosidade e vocabulario que introduce na comunidade científica. A técnica de salga, ben ilustrada con fotografías e debuxos, é dunha grande claridade e mesmo introduce variantes na técnica, como as que observou nos almacéns do Porto do Son.

Debuxos de Xaquín Lorenzo

Fig. 336. - Instrumental dunha fábrica de salazón: 1, tina prá salmoira. 2, cabazo. 3, caño, manga e táboa. 4, portadeira. 5, embudo. 6, cubeta. 7, pá. 8, rodo. 9, truel. 10, banco de envarilladora. 11, varillas de madeira e aramio. 12, envarillador. 13, carrillo. 14, mesa de estivadora.

que o “saber do pobo” estaba a desaparecer, debendo o folclore recollelo canto antes para preservalo; e para eso, o mellor era a elaboración de cuestionarios, do tipo dos do Ateneo de Madrid ou dos da Sociedade *El Folklore Gallego*, presidida por Dona Emilia Pardo Bazán. Vimos de amentar o que elaborou D. Xaquín sobre embarcacións. Para el, como para os demais etnógrafos da súa xeración, os galegos somos o que somos –un produto de supervivencias moi antigas– gracias a existencia indubidable dun espírito que recorre todo, dunha alma colectiva do pobo, daquelo que o romanticismo alemán dera en chamar *Volksgeist*. O mesmo para os alemáns que para os nosos devanceiros, os mantedores dese espírito colectivo son os artesáns, os labregos e os mariñeiros

e neles é onde se manifesta o ser definitorio do galego, a verdadeira esencia de Galicia. Estando convencidos desto, como de feito estaban, sentían a obriga de recoller tódalas manifestacións dese *Volksgeist* que corría o risco de desaparecer polos cambios tecnolóxicos. Sen dúbida, neste esforzo por preservar a alma de Galicia, D. Xaquín xogou un papel fundamental e, empreguemos nós esta terminoloxía ou fagamos uso doutra, do que non hai dúbida e de que os nosos coñecementos de Galicia serían moi inferiores sen os seus desvelos e esforzos.

En Viena aparece unha escola, a chamada *Escola Histórico-Cultural*, que estará moi relacionada co anterior e que terá un grande predicamento en toda



Debuxos de Xaquín Lorenzo




Fig. 340. - Instrumental da salazón: 1, mazo. 2, machado. 3, martelo. 4, mazo grande. 5, sección do casco, véndose o xabre ou encaixe do fondo. 6, fondo cos piques e a sinal pra pór as pezas. 7, plancha de fondar. 8, semento. 9, fiola. 10, tablón. 11, gallada. 12, vigueta. 13, barra. 14, antenola. 15, tirante. 16, cadea. 17, macho. 18, tableiro. 19, espichador cos seus malletes.

a Europa occidental. Defende ela a posibilidade de chegar a descubrir os vieiros polos que se foron espallando os complexos culturais, co que o estudo da cultura material pasou a ser un auxiliar da historia.

Poñamos un terceiro e último ingrediente. Sen saír do mundo xermánico, agora concretamente en Hamburgo, aparece, na segunda década do século pasado, unha escola coñecida como *Wörter und Sachen* ("Palabras e cousas") que propuña estudar os obxectos xunto coas palabras que os designaban. En realidade, tratábase (e trátase, pois aínda ten seguidores) dunha metodoloxía esencialmente lingüística e os membros da escola espalláronse por Europa, pretendendo estudar toda a Romanía. Deste xeito, chegan a

Galicia e norte de Portugal algúns deles, como Ebeling ou Schneider, encabezados polo propio mestre, xefe da escola, Fritz Krüger (a quen citei ó facer referencia á fotografía de 1935 con Santos Graça). Evidentemente, D. Xaquín non era lingüista, pero, o mesmo que os demais membros do Seminario de Estudos Galegos, entrará en contacto con estes investigadores e achegárase ó método. Tal vez foi por isto, polo que a preocupación polo léxico o acompañou sempre.

É sabido de todos que hoxe son outras as metodoloxías que están en vigor entre os antropólogos. Actualmente dáselle máis importancia á complexidade dos procesos dos fenómenos de cultura que a estes en si mesmos. Os homes do Seminario de



Estudos Galegos centraban a súa atención nos propios fenómenos culturais, “cousificándoos”, fixándoos, para que a esencia, o ser de Galicia se conservara. E gracias a esto, podemos nós hoxe coñecer unha boa parte de Galicia que, sen o seu traballo, tería desaparecido da memoria colectiva, e podemos camiñar nos nosos propios estudos, independentemente da metodoloxía que empreguemos.

○ mar nos traballos de D. Xaquín

Este home, nado en Ourense e criado nas terras interiores de Galicia, con longas estadias en Lobeira, onde seu pai, rendeiro e avogado sen necesidade de exercer, tiña facenda, vai ter o seu primeiro contacto investigador co mundo dos pescadores de maneira casual. Recalco o de investigador, pois é sabido que súa nai procedía de Vigo e, de feito, un dos seus últimos traballos é un cativo opúsculo dedicado ó entroido entre os pescadores daquela vila. Outros colegas se encargarán, neste mesmo tomo, de glosar a súa vida e traballos científicos noutros moi diferentes eidos, incluída a arqueoloxía. Cinguireime eu, exclusivamente ó mar, pero resulta que D. Xaquín, frecuentador da sabedoría e da amizade daquel egrexio trío ourensá formado por Otero Pedrayo, López Cuevillas e Risco, agora xa mozo universitario en Santiago, entra a formar parte do Seminario de Estudos Galegos.

Estaba daquela encargado das clases de Arqueoloxía na Universidade o pontevedrés Sebastián González García-Paz e, no ano 1933, paradas unhas obras clandestinas no Castro de Baroña (Porto do Son), irá este realizar alí os primeiros traballos con método científico. D. Xaquín, a quen todos coñecían como Xocas, irá tamén para participar nas escavacións; pero, malia os seus bos traballos no eido da arqueoloxía, o que certamente o atraeu sempre foi a etnografía. Por esto non resulta estraño que, en chegando ó Son, quedara engaiolado por aquel porto, por aquel mundo insólito de embarcacións, redes, mulleres con cestas de peixe e mariñeiros enriba dos barcos, tomando o sol e latricando no Baluarte ou bebendo e botando a partida nas tabernas. Decidiu que mellor que traballar en Baroña (deso encargábase Sebastián González) sería aproveitar os días facendo algo absolutamente inédito.⁹ E así, daquel verán de 1933 saí-

ron dous espléndidos traballos sobre a miña vila e concello (GONZÁLEZ, 1933; LORENZO, 1934) e, moi probablemente, resultado desta estadia sexa tamén o “Notas para un cuestionario... Embarcacións” (LORENZO, 1933).

Naquel ano de 1933, había na Comboa, pois así se chama o interior do porto na miña vila, unha grande variedade de embarcacións: lanchas xeiteiras, traineiras, galeóns, racús e botes (derivados das lanchas, que, á súa vez, procedían das xa desaparecidas volanteiras) que estaban xa a desprazar ás dornas. O Porto do Son foi o límite máis setentrional do espallamento da dorna; pero, contra o tantas veces dito na literatura romántica sobre ela, nos difíciles mares entre Corrubedo e Fisterra, veleaba mellor a xeiteira e o seu descendente o bote ou, como lle chamaban máis ó norte, a buceta. Os ollos de D. Xaquín pousaron precisamente na dorna e, moi concretamente, na *Josefa, 172 do folio de Riveira*. E enfrontouse a ela, disposto a “cousificala” coa mesma técnica coa que xa andaba a facer co carro ou con calquera outro vehículo ou trebello do mundo agrícola. Todo era novo para el, polo que o traballo de documentación foi realmente laborioso, non só por ter recollido un léxico completísimo, senón por transmitírnolo case exento de erros de transcrición ou interpretación. Optou por manter o “seseo” e corrixir a “gheada”. Acompañou o texto dunhas ilustracións que demostran a súa facilidade para o debuxo etnográfico e, tanto pola abundancia de léxico como pola claridade das ilustracións, este cativo traballo converteuse en cita obrigada para tódolos traballos posteriores sobre as dornas.¹⁰


Pero non quedou o asunto nunha mera descrición etnográfica, senón que incardinou a dorna na vida cotiá dos mariñeiros, na súa economía e nas súas relacións sociais. O feito de non acertar en tódolos seus xuízos, non invalida a extraordinaria calidade deste traballo pioneiro, onde procurou un enfoque antropolóxico global, empregando como fío conductor unha embarcación. Non se contenta coa súa fina e exhaustiva descrición, senón que se preocupa polo seu custo, os tripulantes que traballan nela, os aparellos que leva, os peixes que se capturan, o que duran as mareas, as comidas a bordo, a roupa de augas, os utensilios auxiliares... e os naufraxios. El, home do mundo rural labrego, interpreta moi atinadamente a

9. Non era a primeira vez que tal cousa facía, pois xa, cando o mesmo Sebastián González escavara o Castro de Borneiro (que publicaría no mesmo artigo que o de Baroña), D. Xaquín, que tamén o acompañaba, dedicouse a facer unha monografía etnográfica sobre a parroquia de Borneiro (LORENZO, 1932 e ID, 1942).

10. Unha ampliación sobre este traballo pódese ver en CALO (2004a) nun traballo feito por encargo do Concello do Porto do Son, que se quixo sumar así ó ano dedicado ó mestre que nos honrou hai agora 70 anos.



O apartado dos veleiros e, sobre todo, o das redeiras ten unha minuciosa descrición dos trebellos empregados, das técnicas e dos resultados, indicativos das boas paroladas que D. Xaquín debeu de botar con aquelas mulleres que traballaban ó ventimperio nos peiraos.



Debuxo de Xoaquín Lorenzo

Fig. 260. - O meio mundo, pra pións, xurelos e panchos, e o seu manexo.

razón da diferenza entre un campesiño e un mariñeiro, cando di: “A incertidume da súa vida, sempre por riba das augas treidoras dá a estes homes un espírito xeneroso e un amplo concepto da vida e das súas pasións”. E, para amosar o lirismo que, en ocasións, envolvía os seus traballos, o que demostra que, para el, o estudo da cultura material era a procura do ser galego, do *Volksgeist*, que se vai forxando tamén a traveso dos obxectos, vexamos esta mostra: “Semellantes aos croios que o mar axota ás praias, estes homes perderon ao contacto co mar as aristas que se sinalan ferintes en moitos aspectos da vida campesiña.”¹¹

Moi posiblemente, como dixen antes, naceu no Porto do Son, neste ano de 1933, a idea de facer un cuestionario sobre embarcacións. Non me deteño máis nel, xa que, como o seu nome indica, é só un relatorio de preguntas (115) que alguén debería facer polos portos de mar; pero que eu saiba, nunca tal se fixo, malia ser este un dos apartados máis virxes da nosa etnografía, como diría Risco. Antes de pasar ó seu grande libro etnográfico, citarei tan só un pequeniño traballo sobre cantigas, exvotos, romances, etc. do mundo mariñeiro en zonas e capelas do interior (LORENZO,

1969),¹² así como unha nota sobre o entroido dos pescadores do Berbés, en Vigo, satirizando a certos labregos que baixaban á vila para limpar os pozos negros e levar o seu contido como esterco (LORENZO, 1982).

En 1962, aparece a grande obra de conxunto: a *Etnografía* que, encargado por Otero Pedrayo, elabora, como tomo II, para a magna, malia morrer nos inicios, Historia de Galicia. Os grandes libros son bos para o público, pero tamén para o autor, xa que necesariamente, como foi o caso, este ten que se poñer ó día e completar unha serie de lagoas. Como dixo nunha ocasión Alonso del Real, a mellor maneira de saber algo dun tema e escribir un libro sobre el. Podo resumir o que este tomo significa, dicindo que nel está toda Galicia. D. Xaquín buscaba a esencia, o ser da Terra e nesta obra plasmouna toda, con enorme erudición, unha grande beleza e un amor absoluto. Remito ás palabras que lle dedicou D. Ramón no prólogo xeral da obra: “Xaquín Lorenzo Fernández, arqueólogo e etnógrafo de severa metódica e colleitas cadaneiras”. Breve frase, como a ocasión requiría, pero que retrata á perfección o seu xeito de traballar.

11. Dedicuei á forma de ser e á *Weltanschauung*, á cosmovisión dos mariñeiros, moitos traballos, remitindo agora a CALO (1996) e ID. (12. O Consello da Cultura Galega está a piques de sacar unha reedición con debuxos de Conde Corbal e limiar da miña autoría.



Xa deixei dito que D. Xaquín, nos seus traballos sobre o mundo do mar, evitou a bibliografía. É mágoa que, neste grande tomo, tamén obviou ós autores que lle serviron para os restantes apartados, polo que seguimos sen poder certificar a quen coñecía e a quen seguía, máis alá do que xa comentei no seu lugar ou do que sexamos quen de deducir. Do que non hai dúbida é de que el non era precisamente un home de exclusiva formación libresca, antes ben móstrase partidario do traballo de campo, algo que percibimos en toda a súa actividade investigadora, xa fora recorrendo igrexas prerrománicas, escavando castros ou ordenando a cultura material galega. Non é o meu interese agora ocuparme máis que do que de mar aparece no libro; e debo recoñecer que non é pouco, anque no prólogo dixera que a Galiza que estuda “é case enteiramente agrícola e gandeira”, apreciación que corrixe cando na páxina 334 afirma que moita xente vive do mar. Polo ordenamento que fixo dos temas e que -como el mesmo dixo- podería ser outro, o mundo do mar aparece espallado por diferentes partes do libro. Velá, coa páxina inicial entre parénteses, os máis ou menos grandes apartados que afectan ó meu tema: A casa mariñeira (52), a conservación da pesca (437), carpinteiros de ribeira (486), redeiras (572), veleiros (579), peixeiras (589), cordas (656), a caldeirada (694), barcas (718 e 735) e, deixando para a fin, pola súa entidade e extensión, os produtos do mar (334) e, se queremos asimilalos, os produtos de río (415).

Agás o apartado dos produtos do mar, título baixo o que estuda os diferentes aparellos que se empregan nas nosas costas, os tipos de casas da zona de Pontevedra e algún outro pequeno detalle, tódolos demais podemos consideralos verdadeiras primicias na nosa literatura etnográfica.

No apartado das casas, sen dúbida estivo influenciado pola Xeografía de Carré Aldao, de quen utiliza o debuxo que ilustra a “casa do remo”, así como polo citado traballo de Filgueira, que debeu de servirlle de base para falar das casas de pescadores de Pontevedra. A fotografía 67 da *Etnografía* está tomada, tempo despois, desde o mesmo lugar que a lám. IX de Filgueira. Soubo ver perfectamente a distribución interior das casas, así como o feito de teren, sempre que for posible, unha hortiña na parte posterior. Todos os que publicamos despois somos debedores desta primeira aproximación de D. Xaquín.

O apartado da conservación da pesca resulta modélico, non só pola correcta interpretación, senón tamén pola minuciosidade e vocabulario que introduce na comunidade científica. A técnica de salga, ben ilustra-

da con fotografías e debuxos, é dunha grande claridade e mesmo introduce variantes na técnica, como as que observou nos almacéns do Porto do Son.

Os presupostos da *Escola Histórico-Cultural* manifestáanse nos inicios da parte dedicada ós carpinteiros de ribeira, rastrexando as súas orixes nos poucos datos bibliográficos daquela existentes; e a procura das manifestacións do *Volksgeist*, da alma colectiva, que perdura e se manifesta nas obras dos artesáns, labregos e mariñeiros, vémolos, cando di que os constructores de barcas de río, vivindo como hai moitos séculos, seguen a facer embarcacións “tan arcaizantes que nos amosan hoxe unha vivinte estampa da nosa prehistoria”.

O apartado dos veleiros e, sobre todo, o das redeiras ten unha minuciosa descrición dos trebellos empregados, das técnicas e dos resultados, indicativos das boas paroladas que D. Xaquín debeu de botar con aquelas mulleres que traballaban ó ventimperio nos peiraos. A mesma minucia expositiva empregou ó falar da elaboración do cordame. O apartado dedicado ós barcos de pasaxe é un dos máis frouxos en contidos, contrastando co inmediatamente anterior, dedicado a unha das súas paixóns: o carro. As fotografías coas que ilustra as embarcacións indican que non lle sería difícil estenderse en detalles e podo pensar que, rematando xusto aí o longuíssimo libro, moi probablemente non dispuxera de páxinas para se estender máis.

Non esqueceu dar a coñecer a preparación culinaria de diferentes peixes e concretamente a caldeirada. Outra volta, vemos que se informou con grande pulcritude, pero, como en outras ocasións, a súa carencia de vivencias no mundo do mar lévao a empregar algunha palabra de xeito non correcto, así como a dicir frases deste tipo: “xibias, chocos e calamares, que somentes se diferencian entre si polo tamaño e, por il, na calidade, xa que en xeral o peixe é tanto millor canto máis pequeno é” (páx. 697). É evidente que os mariñeiros galegos o que matan son luras (*Loligo vulgaris*, Lamarck) e chopos ou chocos (*Sepia officinalis*, Linnaeus) que son cousa moi diferente. Por outra banda, non se pode dicir que o peixe pequeno é mellor, pois depende da clase de peixe, pero onde estea un bo robalo ou unha panzuda non teñen nada que facer unha chasca ou un corobelo. E nin así se podería xeneralizar, pois depende da preparación que se lle queira facer. D. Xaquín seguiu aquí o tópico da sardiña pequeniña ou o das pescadiñas co rabo na boca.





Fig. 244. - A traíña, empregada na pesca das sardiñas. Pra que o peixe non fuxa das redes, úsanse diversos embalos: 1, mandil. 2, cortina. 3, remo. 4 e 5, zambullos de pedra. 6, zambullo de ferro. 7, estrela con zambullo. 8, trapos con zambullo. 9, arpeo ou rezón. 10, poutada. 11, cartucho de dinamita. 12, fulminante. 13, basoira.

Debuxo de Xaquín Lorenzo

O grande apartado relacionado co mundo mariñeiro é o que, baixo o título de produtos do mar, agocha todo o campo dos aparellos. Pero non se conforma con describir a súa forma, senón que nos vai falando da súa feitura e das súas partes, con abondosos chamadoiros.

O grande apartado relacionado co mundo mariñeiro é o que, baixo o título de produtos do mar, agocha todo o campo dos aparellos. Pero non se conforma con describir a súa forma, senón que nos vai falando da súa feitura e das súas partes, con abondosos chamadoiros. Pero non quere quedar na epiderme, no obxecto morto, senón que pon os diversos aparellos na man dos homes que viven con eles e deles e ilustranos coas xornadas de pesca, que aproveita para descubrir nas encalmadas ou nas suradas o tipo de roupa de augas que empregaban os mariñeiros. Bota en terra os aparellos e lévaos a encascar e logo a secar ós tendedeiros; ensínanos as voces de mando dos patróns, como se el tivera andado no mar; descríbemos os boureis; fálanos dos xeitos, das traíñas, das

xávegas, das parellas, das rapetas, das volantas, dos palangres, dos tramallos, das liñas, das nasas..., nunha palabra, de case tódalas artes de pesca do seu tempo. E mesmo dedicou bastante espacio ó cerco real, cando este non é un traballo estrictamente histórico; pero, e aquí vemos novamente a influencia de Casto Sampedro, non se puido resistir (a Escola Histórico-Cultural de Viena está presente) a tocar un aparello, desaparecido a primeiros de século e que fora a grande fonte de riqueza das rías, sobre todo no século XVI, cando Pontevedra, gracias a el, era a cidade máis populosa de Galicia (Cfr. CALO, 2004a).



Por me criar eu no mar, no seo dunha familia pescadora, coñecín e aprendín a usar case tódalas artes




desde cativo; pero aproveito esta ocasión para recoñecer que non tiña idea de como funcionaban as boniteiras do norte e que o aprendín na claridade dos debuxos e explicacións que obran nas páxinas 389 ss. ¿Quen me ía dicir a min que un home de Ourense me ensinaría cousas de mar? Pois esto fíxoo D. Xaquín, ese home que honrou a miña vila, introducíndoa nos ambientes cultos co seu temperán traballo sobre a dorna e a quen tiven a enorme sorte de tratar ó longo de moitos anos, primeiro no Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” e despois, e sobre todo, no Museo do Pobo Galego, que el presidiu mentres viviu e que vén sendo unha plasmación material deste grande libro que estou a comentar.

A contribución de D. Xaquín á etnografía mariñeira significou un fito transcendental para esta disciplina, sendo aínda máis a ter en conta pola dificultade que, durante moitos anos, houbo para achegarse a este mundo, ó estar esgotados e resultar case imposible o acceso ós poucos libros anteriores a el.

A Moureira, Entroido 2004





BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA, José Bento Ferreira de e ROQUETE, Vitorino Chagas (1890): *Inquérito industrial. Pesca*. Lisboa.
- CALO LOURIDO, Francisco (1978): La cultura de un pueblo marineru: Porto do Son. Publicaciones de la Universidad de Santiago, 41, Madrid.
- CALO LOURIDO, Francisco (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. Nós os Galegos. Edicións A Nosa Terra. Vigo.
- CALO LOURIDO, Francisco (2003): "Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (S. XII-XVII)". In CALO LOURIDO, F. (Coord.): *Actas do Simposio de historia marítima do século XII ao XVI. Pontevedra e o mar*. Concello de Pontevedra. Pontevedra, 19-42.
- CALO LOURIDO, Francisco (2004a): "Limiar" In LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: *As dornas do Porto do Son*. Concello do Porto do Son. Noia, pp. 7-17.
- CALO LOURIDO, Francisco (2004b): "Patrimonio móbil, fluído e movemento perpetuo conforman a praxe haliéutica e a cosmovisión do home de mar". In 1º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego. In *memoriam Xaquín Lourenzo Fernández "Xocas"*. Deputación Provincial, Ourense, pp. 93-104.
- DÍAZ DE RÁBAGO, Joaquín (1885): *La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico*. Santiago.
- FILGUEIRA VALVERDE, José (1946): *Archivo de mareantes*. Museo de Pontevedra. Pontevedra.
- GALVÁN, Alberto (1989): "Introducción". In GALVÁN (Coord.): *Vivindo do mar. Antropoloxía da Pesca en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago, 19-27.
- GARCÍA RAMOS, Alfredo (1912): *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la Región Gallega*. Madrid.
- GONÇALVES, Flávio (1984): "A lição de Santos Graça". In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*. Vol. I. Póvoa de Varzim, 59-64.
- GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, Sebastián (1933): "Noticia de las excavaciones arqueológicas de los castros de Borneiro y Baroña". *Boletín de la Universidad de Santiago (Homenaje a Rodríguez Cadarso)*. Vol. I. Santiago, pp. 20 ss.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2003): *Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" 1907-1989. Unha vida dedicada á Nosa Cultura*. Editorial Toxosoutos. Noia.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. (2004): *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*. Editorial Galaxia. Vigo.
- GRAÇA, António dos Santos (1932): *O Poveiro. Usos, costumes, tradições e lendas*. Póvoa de Varzim.
- LOBO, Constantino Botelho de Lacerda (1812a): "Memória sobre a preparação do peixe salgado, e seco das nossas pescarias". In *Memórias Económicas da Academia Real das Ciências de Lisboa*. T. 4, Lisboa, pp. 252-312.
- LOBO, Constantino Botelho de Lacerda (1812b): "Memória sobre a decadência das pescarias de Portugal". In *Memórias Económicas da Academia Real das Ciências de Lisboa*. T. 4, Lisboa, 313-376.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1932): "Do cancionero de Borneiro (Cabana)". Nós. Nº 108. Ourense, pp. 229-230.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1933): "Notas para un cuestionario de etnografía. Embarcacións". Nós. Nº 111. Ourense, pp. 49 ss.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1934): "As dornas do Porto do Son". Nós. Nº 126-127. Compostela, pp. 109-116.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1942): "Notas etnográficas de la parroquia de Borneiro". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense*. T. XIII. Ourense, pp. 183-203.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1962): "Etnografía: Cultura material". In OTERO PEDRAYO, R.: *Historia de Galiza*. T. II. Buenos Aires.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1969): "O mar terra adentro". In *Revista de Etnografía*. Vol. VIII, tomo 1. Porto, pp. 105-112.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1982): "Do noso Antroido: os escabicheiros". In *Brigantium*. Vol. 3. A Coruña, pp. 265-269.
- PASCUAL FERNÁNDEZ, José (s/d): *Antropología Marítima: historia, ecología, organización social y cambio económico entre los pescadores*. Serie Recopilaciones Bibliográficas, nº 1. MAPA. Madrid.
- PAZ GRAELLS, Mariano de la (1870): *Exploración científica de las costas del Departamento Marítimo del Ferrol*. Madrid.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1911): *Diccionario ilustrado... de las artes de pesca, aparejos e instrumentos que se emplean para la pesca marítima en la costa Norte y Noroeste de España*. Madrid.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1916): *Los pescadores del Norte y Noroeste de España. Su vida social y particular por provincias*. Madrid.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1923): *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Madrid.
- ROS FONTANA, Ignasi (2003): "Walter Ebeling en el este de la provincia de Lugo (1928-1933): imágenes de una investigación de la Escuela de Hamburgo en Galicia". In *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*. Servicio de Publicacións Deputación Provincial de Lugo. Santiago, 13-41.
- SANMARTÍN ARCE, Ricardo: "Modo de vida y estrategias tradicionales de los pescadores de la Albufera de Valencia". In CÁTEDRA TOMÁS, María e SANMARTÍN ARCE, Ricardo (1979): *Vaqueiros y pescadores. Dos modos de vida*. Akal Editor. Madrid, 95-183.
- SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1904): *Documentos, inscripciones y monumentos para la Historia de Pontevedra*. T. III, Pontevedra.
- SÁÑEZ REGUART, Antonio. (1791-1795): *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*. Madrid.
- SILVA, A.A. Baldaque da (1891): *Estado actual das pescas em Portugal comprehendendo a pesca marítima, fluvial e lacustre em todo o continente do reino, referido ao anno de 1886*. Imprensa Nacional. Lisboa.
- SOEIRO, Teresa e CALO LOURIDO, Francisco (1999): *Fainas do mar. Vida e traballo no litoral norte*. Centro Regional de artes tradicionais. Porto.